


OS EDUKADORES

Dirección: Hans Weingartner.



Países: Alemaña e Austria.

Ano: 2004.

Duración: 126 min.

Xénero: Drama.

Interpretación: Daniel Brühl (Jan), Julia Jentsch (Jule), Stipe Erceg (Peter), Burghart Klaussner (Hardenberg), Peer Martiny (Dueño de la villa), Petra Zieser (Mujer), Laura Schmidt (Hija), Sebastian Butz (Hijo), Oliver Bröcker, Knut Berger, Claudio Caiolo (Paolo).

Guión: Katharina Held y Hans Weingartner.

Producción: Hans Weingartner y Antonin Svoboda.

Música: Andreas Wodraschke.

Fotografía: Matthias Schellenberg y Daniela Knapp.

Montaxe: Dirk Oetelshoven y Andreas Wodraschke.

Deseño de produción: Christian M. Goldbeck.

Vestuario: Silvia Pernegger.

Estreno en Alemaña: 25 Nov. 2004.

Estreno en España: 15 Abril 2005.

SINOPSE



Jan (Daniel Brühl), Peter (Stipe Erceg) e Jule (Julia Jentsch) están en plena xuventude rebelde. Úneos a paixón por cambiar o estado de cousas. Jan canaliza a súa ira loitando contra as inxustizas políticas dos ricos. Comparte os mesmos ideais co seu compañeiro de piso, Meter, aunque este de forma máis relaxada. Jule, a noiva de Meter, acaba mudándose ó

mesmo piso cando non pode chegar a finais de mes co seu salario de camareira. Jule non sabe que Jan e Meter son “Os edukadores”, os misteriosos autores de actos creativos e non violentos cos que se adican a avisar ós membros do clube de iates de que “os seus días de abundancia están contados”. Pero Jule tamén ten un segredo: tivo un accidente de coche e foi condenada a pagar unha suma mensual a Hardenberg (Burghart Klaussner) e “edukalo”. Entre outras cousas, empúrroas o crecente sentimento que os une. Cando Jan e Jule regresan á vila a seguinte noite para recoller o móvil que deixaron, Hardenberg sorpréndeos. Non lles queda máis remedio que chamar a Meter para que os axude, aunque arríscanse a que se descubra o seu romance segredo. O trío decide secuestrar ó home de negocios e agocharse na casa que un parente ten nas montañas. Estes mozos idealistas deberán enfrontarse ós valores da xeración no poder.

Entrevista a Weingartner

A forza do grupo. Os mozos saben que hai forza nun grupo. Se un está só, está perdido. O primeiro paso da resistencia é acadar ser libre. O segundo paso é atopar aliados, unirse a persoas que comparten as mesmas necesidades e os mesmos valores. En “Os edukadores”, Jan, Jule e Meter forman un grupo así. Os ciumes non poden separalos. Ó principio, foi difícil para os actores crer que Meter podería superar a traición de Jule e de Jan.

Pero, para el, a amizade significa moito máis que os ricos valores burgueses. Meter ama a Jule, pero a moza non lle pertence. Dase de conta de que cando ela se namora de Jan, é un amor maravilhoso, sostido por un rebelión conxunta, un rexeite compartido das ataduras sociais. Segue sendo amigo de ambos. Recoñezo que é unha visión moi idealista da amizade, pero é o que sinto. Na maioría das películas xermanas, as personaxes que forman parte dun triángulo amoroso acaban indo cada un polo seu lado. A xente chámalo realismo, pero non ten nada de realista.

Resistencia poética. Jan e Meter son “educadores”. Entran nas casas dos



ricos e recolocan as posesións dos seus donos. Non rouban nada, non fan dano a ninguén. Pero atacan a vida doutras persoas. Alá onde van, xeneran o caos, pero é un caos con senso. “Educar” é unha forma divertida de vingarse dos ricos. Jan e Meter son activistas e levan á práctica unha forma de resistencia poética.

Un mozo enfadado. Cando tiña vinte anos era como eles. Era un

mozo enfadado que gritaba “Revolución”, “Cambiamos o mundo”. Non loitamos polos desemparedados nin por un partido. Sinxelamente parecíanos que o sistema non funcionaba. Era igual de malo para os explotados que para os explotadores. Non só era inxusto, era alienante para todos. Os meus amigos pensaban coma mín, pero ningún de nós atopou un grupo político ó que unirnos. Non queriamos que nos deran ordes; como Jule, queriamos ser libres.

Non hai despostas claras. Ó longo deste periodo, era un ocupa en Berlín. Un bo día, apareceron centos de policías. Tiraron as poucas cousas que tiña pola ventá, tratáronos como si fóramos animais perigosos e destruíron o edificio. Para mín, foi unha experiencia traumática e prometínme a min mesmo que incorporaría a política a unha película. Sempre me interesou o cine sociopolítico. Admiro a Michael Moore, Mike Leigh e Costa Gavras. “Os educadores” é unha película sobre a necesidade dun cambio político, pero non da despostas claras porque non as hai.

A sociedade da abundancia. A miña vida cambiou dende entón, pero as miñas ideas básicas son as mesmas, e as miñas personaxes Jan Meter e Jule, as comparten. Pensamos que ninguén mira o mundo dende un punto de vista crítico. Ninguén dí “Espertade, esto é perverso, hai que paralo”. A verdade é que só o 10 % da poboación mundial forma parte da sociedade da abundancia. O 90 % restante é pobre e pasa fame. Cultivamos suficiente trigo para abastecer a todos os habitantes do mundo con 2.000 calorías diarias, pero a distribución de alimentos é inxusta. O 90 % pase fame mentres o 10 % da poboación mundial está a réxime. Todo o mundo é infeliz. Isto podería ser un paraíso, pero para a gran maioría é unha merda.

Divertido. A pesar de todo, a idea de “educar” é divertida. A película ten moito humor e ledicia. Lin nalgunha parte que un neno ríese 150 veces ó día, mentres que un adulto soamente o fai 10 veces. Quero que a xente se ría. Quero que vaian a ver a película e o pasen ben.